

ANUNCIO

Faise público que non se presentaron alegacións ás cualificacións publicadas o día 18-06-2026 relativas ao proceso selectivo para a cobertura, mediante persoal funcionario de carreira, dunha praza de técnico/a auxiliar de biblioteca, que figura como vacante no cadro de persoal funcionario do Concello de Fene incluída na oferta de emprego público do ano 2022, quedando, polo tanto elevadas a definitivas as seguintes listaxes:

- Listaxe de persoas aprobadas:

Laura Becerra Ríos: 24.66125 pts

- Listaxe de persoas que pasarán a conformar a bolsa de emprego:

Núm. Orde	Nome e apelidos	Puntuación
1	Carmen García Infante	16.7125
2	Verónica Freire Zaragoza	14.125
3	Eduardo Fernández Peral	7.5
4	Sara Martínez Casteleiro	6.625

No prazo de **vinte días naturais** contados dende o seguinte a aquel no que se teña publicado este anuncio, a persoa aspirante proposta para a súa selección e nomeamento deberá presentar no Rexistro Xeral do concello ou na forma establecida no artigo 16 da LPACAP, os seguintes documentos acreditativos dos requisitos esixidos na convocatoria:

a) Declaración responsable de non estar separada/o mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para emprego ou cargo público por resolución xudicial, cando se trate de acceder ao corpo ou escala de funcionarios/as do que a persoa tivera sido separada ou inhabilitada.

b) Certificado médico acreditativo de non padecer enfermidade nin defecto físico e/ou psíquico que incapacite para o exercicio das funcións das prazas convocadas, expedido por facultativo/a de medicina de familia do Sergas ou similar que lles corresponda ás/aos interesados.

As persoas aspirantes aprobadas que fixesen valer a súa condición de persoal con discapacidade na instancia, deberán presentar tamén certificado expedido polo mesmo órgano ou polo competente da administración sanitaria, acreditativo da compatibilidade co desempeño das tarefas ou funcións correspondentes á praza á que se accede.

c) Declaración responsable de non acharse incurso/a en causa algunha de incapacidade ou incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente e referida ao momento da súa toma de posesión.

d) Número de afiliación á seguridade social.

e) Acreditación documental da conta bancaria na que se farían os seus ingresos nominais.

Se no prazo e forma antes indicados (agás nos casos de forza maior debidamente motivados, que serán obxecto de apreciación e estimación discrecional e potestativa por parte da Alcaldía) a persoa proposta para a súa selección e nomeamento non presentase a documentación requirida ou da mesma se deducise que non reúne os requisitos esixidos, non poderá ser nomeada e entenderase que renuncia ou desiste dos seus dereitos inherentes; sen prexuízo das responsabilidades nas que, de ser o caso, puidese incurrir por falsidade.

Asinado dixitalmente pola secretaria do tribunal Estefanía Manteiga Lamas.